

**Nº 17**

**Xoves, 26 de marzo de 2009.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (da Rede Museística da Deputación de Lugo).  
**Hora: 20 horas.** Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa**

Ilustracións para a parte musical: **Suso Valiente**

**SUMARIO****Portada musical**

Tema: *A gaita de Cristovo* (tradicional, repertorio de Florencio dos Vilares) / *Ondas do Danubio* (Iosif Ivanovichy)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Activismo cultural**

O Instituto de Estudos Chairegos "Pena do Encanto" (IESCHA), por **Mª Carme Pernas e Sabela Figueira (10')**

**Música**

Tema: *Muiñeiras* (tradicional, repertorio de Florencio dos Vilares)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Cine sensible**

*De aldeanos (de aldeáns).* Unha curta de **Edu Lavandeira (4')**

**Humor con amor pola lingua galega**

*Hai pa todos e patadas,* por **Carlos Jiménez e os seus personaxes (7')**

**Música**

Tema: *Jota de Riotorto* (tradicional) / *A camposa* (X. Romero Suárez)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Cine sensible**

*Galicia 2098.* Unha curta de **Edu Lavandeira (7'12'')**

**Humor con amor pola lingua galega**

*The future is now* por **Paco Vázquez,** por **Carlos Jiménez & CO (7')**

**Música**

Tema: *Lonxe da terraña* (tradicional) *Marcha procesional* (tradicional, repertorio de Faustino Santalices)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Exposición**

*Arte popular: gravados en madeira nas construcións populares,* por **Luis Hixinio Flores Rivas (10')**

**Música**

Tema: *Danza de arcos do Miño*

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Humor con amor pola lingua galega**

*Iconos e iconas do noso idioma,* por **Carlos Jiménez & CO (7')**

**Música**

Tema: *Muiñeiras da Fontaneira* (tradicional, repertorio de Florencio dos Vilares)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

**Opinión**

Intervención do público asistente (3')

**Epílogo**

Por **Aurelia Balseiro,** directora do MPL (3')

**Contraportada musical**

Tema: *O canciño do 127* (Alfonso Pato e Pancho Álvarez)

Intérpretes: **Sólidos Galicianos (Pancho Álvarez, Félix Castro, Cástor Castro e Álvaro Iglesias) (3')**

## Curtas

**Galicia 2098** Os coches non voan. A xente non se teletransporta. Os seres humanos non están clonados. As profecías non se cumpriron. Agás a que se refire ao galego. Con Xoán Beiro, Pedro Hernández, María Maceiras e J. Carlos Wenceslao Carrasco. Dirección, guion e produción: Edu Lavandeira (2008).

**De aldeanos (de aldeáns)** Hai preguntas que non teñen resposta. E respostas que non teñen sentido. Ata onde pode chegar a ignorancia? Dirección, guion e produción: Edu Lavandeira (2006).

## Flores Rivas, Luís Hixinio

Fotógrafo. Realizou diversas exposicións sobre patrimonio cultural, entre elas *"Espantallos"* (1997, 2002), *"A auga: natureza e arquitectura"* (1997), *"Debuxos e gravados nas construcións populares"* (2006), *"Paisaxes humanizadas, terras vividas"* (2008) en lugares como o Museo do Pobo Galego, Museo Provincial de Lugo, Museo da Fonsagrada, Casa das Palabras de Vigo, Casa de Galicia, Madrid, Museo Marítimo-Seno de Corcubión, en numerosas bibliotecas e centros culturais. Recibiu, entre outros, o premio "Obxectivo da memoria", nos anos 1999 e 2001, convocado pola Asociación de Amigos dos Museos de Galicia, e o 1º Premio no "Certamen de Fotografía Popular" nos anos 2004 e 2006, concedido polo Ministerio de Cultura.

## Instituto de Estudios Chairegos

O Instituto de Estudios Chairegos "Pena do Encanto" xermola no verán do ano 2000. Fálase da necesidade de creación dunha entidade cultural de ámbito chairego que permita coñecer mellor a nosa comarca e posibílitae a súa maior presenza pública. Pénsase que hai manifestacións culturais tan respectábeis coma esas e que deben ser obxecto de investigación e recuperación: a arquitectura rural feita por canteiros moitas veces iletrados (cruceiros, cruces, petos de ánimas...), a música tradicional, a arte dos máis variados oficios (zoqueiros ou cesteiras, oleiros ou elaboradoras de queixos), a literatura oral (lendas, contos, cantigas, refráns, adiviñas, ditos), etc. Téimase nunha ampla concepción cultural que conxugue investigación científica actual e respecto polas tradicións, formulando un proxecto sociocultural que busca revalorizar o papel da nosa bisbarra no conxunto da cultura galega. Neste contexto de diálogo e de consenso nace en Vilalba o *Instituto de Estudios Chairegos*, que se vai facendo realidade en xuntanzas posteriores. Os fins do IESCHA fixados nos seus estatutos abranguen a investigación, o estudo, a conservación, a defensa e a difusión da cultura galega, especialmente no que se refire á lingua, á historia e ás tradicións de Galicia, en xeral, e da Terra Chá, en particular. Entre os obxectivos están a conservación, custodia e difusión pública de materiais e mostras etnográficas e artesanais, promoción, estudo e divulgación do Camiño Norte de Santiago, concienciación de autoridades e particulares sobre a protección do patrimonio natural e histórico-artístico, divulgar nos centros de ensino da Terra Chá a importancia da conservación e divulgación do patrimonio cultural, a confección dun mapa histórico-etnográfico da Terra Chá no que conste a identificación de todos os monumentos, a elaboración dun inventario de elementos do patrimonio histórico-artístico relacionados co Camiño Norte de Santiago nos seus itinerarios dente Ribadeo até Melide e Arzúa, elaboración dun censo patrimonial da Terra Chá coa relación nominal de todas as construcións, conxuntos histórico-artísticos, naturais e paisaxísticos, a recuperación de publicacións periódicas, do patrimonio audiovisual e de calquera outro de interese para a cultura chairega (<http://www.iescha.org>).

## Jiménez, Carlos

Nacín en Viveiro en 1971 e despois de estudar en Santiago (Museoloxía), loxicamente ao non atopar traballo do meu, e antes de acabar a carreira púxenme a traballar en dobraxe, que é o que fago tamén agora, xunto coa radio, a tele, e a publicidade. No 1994 gañei o *Premio Galicia de Comunicación* e a *Curuxa de Humor* de Fene cos meus compañeiros de *"Corre Carmela que Chove"* polo noso programa de humor en Radio Voz. A

continuación con **Paco Lodeiro** formamos o dúo humorístico *Risoterapia* co que traballamos tanto en televisión como en Radio Voz e incorporámonos á Radio Galega máis adiante, na que traballo desde o ano 1998 ata hoxe en día, actualmente no programa *Un día por diante*.

## Sólidos Galicianos

**Pancho Álvarez** Nace en Vigo onde comeza a tocar a guitarra e inicia estudos de solfeo e violín. Como baixista primeiro e violinista despois forma parte do grupo *Na Lúa*, durante quince anos. Nos noventa forma parte dos grupos *Matto Congrio* e *Tres* e a partir de 1995 comeza a súa andaina a carón de **Carlos Núñez** facendo concertos por América, Europa, Asia e Australia pasando polos escenarios máis emblemáticos do mundo como o Carnegie Hall, Ópera de Sidney... Participa na gravación da banda sonora da película de Amenábar *"Mar adentro"*, galardonada co *"Goya á mellor banda sonora"*, e *"Oscar á mellor película de fala non inglesa"*. Forma parte do show de *The Chieftains* (1997-2005) facendo máis de 100 concertos por Norteamérica, Europa e Xapón. En solitario produce e grava *"Florencio. O cego dos Vilares"* (1998) (Premio mellor disco folc europeo 1998 pola revista *Folk World*) e *"Nas cordas"* (2001) Inspírase na música tradicional de Galiza, utilizando instrumentos de corda como o violín, viola, viola de gamba, zanfona, mandolina, bouzouki, guitarras eléctrica e acústica, guitarra tenor, úd, cuatro venezolano e baixo. Ademais toca a concertina, o acordeón e percusión.

**Alvaro Iglesias** estuda no Conservatorio Mayeús de Vigo, especialidade de contrabaixo. Entre os seus mestres figuran o lituano **Iminas Kucinscas**, **Cris Gándara**, **Camilo Freire** e **Carlos Méndez** (profesor na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e membro da Real Filharmonía de Galicia). Formou parte de varios grupos musicais, sempre no folk: *Tres* (1994-96), grupo de folk-rock co que realizou os seus primeiros concertos, formado por antigos compoñentes de *Matto Congrio*, co gaiteiro **Carlos Núñez** (1997-98), con quen colaborou en varios concertos durante a presentación do seu primeiro disco *"A irmandade das estrelas"*, con **Pancho Álvarez** (1998), ao que acompaña habitualmente nos seus concertos e con quen realizou varios traballos discográficos, incluíndo o seu último disco *"Nas cordas"*, ou **Faltriqueira**, grupo co que colaborou como contrabaixista e percusionista na presentación do seu primeiro traballo *"Faltriqueira"*. Actualmente compaxina o formar parte de bandas como **Aran** (2000), **Entre Trastes** (2006), actuar co gaiteiro **Anxo Lorenzo** (2007), **Ardentía** (2007) e **Son de Seu**, entre outros, con ser un *freelance* en gravacións de estudo ou colaboracións en directo.

Os irmáns **Castro Vicente**, **Félix** (gaita galega "técnica pechada", angloconcertina, acordeón diatónico) e **Cástor** (fruta de madeira, bouzouki), naceron en Ourense en 1970. Defínense como músicos "feitos ao paleiro" (autodidactas). En Salamanca, xunto cos asturianos **Igor Medio** (bouzouki) e **Rumaldo Barbeiro** (bodrihan) crearon o grupo folk *Felpeyu* (1991) co que realizaron actuacións por Galicia, Asturias, Castela-León. Desde 1994 participan na Aula de Música Tradicional **Gomes Mouro** de Ourense. Preocúpanse por recompilar material musical de todo tipo: instrumentos antigos, partituras, cancioneros, fotografías, bibliografía e discos antigos, por recuperar instrumentos esquecidos como o acordeón diatónico, a fruta de madeira, ou o violín para o que realizan traballos de campo como o que deu como resultado o *Catálogo de Músicos da Limia: Música Tradicional* (2005). Colaboran co programa *Alalá* da TVG e desde 1998 forman parte do grupo de **Pancho Álvarez**. Teñen participado en diversas gravacións con **Felpeyu**, **Flavio de Benito**, **Pancho Álvarez**, ou compilacións como *Angloconcertina Internacional* (Folksound Records, 2005) e *Unión de Acordeonistas*. Entre as publicacións o monográfico da Revista Murguía dedicado á música galega (nº. 4, 2004), *Catálogo de Músicos tradicionais da Limia* (Difusora, 2005), *O Cego da Gándara, unha vida prodixiosa* (Revista Lethes, 2006) *Sons da Limia* (libro-disco en preparación) e *Itinerario Histórico musical de Ourense* (Ouvirmos, 2008) e *Ribadavia* (en preparación).

\*\*\*\*\*